



COFER

CONFEDERACION DE EMPRESARIOS
DE FERROL EUME Y ORTEGAL

MISIÓN COMERCIAL 2023:
SANTIAGO DE CHILE E
URUGUAY

Cámara
de Comercio de España



**ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA**



**Deputación
DA CORUÑA**

Asociación de Empresas Rexión de Valparaíso – ASIVA

04/10/2023. O noso presidente, Cristóbal Dobarro, reuniuse telemáticamente coa presidencia e o equipo da Asociación de Empresas Rexión de Valparaíso-ASIVA, por problemas de transporte.



ASIVA é unha organización que agrupa a empresas de diferentes tamaños e sectores para promover o desenvolvemento económico e a competitividade da Rexión de Valparaíso (Chile), representando os intereses dos seus membros ante as autoridades e organizacións competentes. ASIVA fomenta a colaboración entre empresas, ofrece servizos de formación e busca mellorar as condicións para facer negocios, ademais de promover a innovación e o emprendemento, contribuíndo así ao crecemento sostible da comarca.

Con este encontro búscase dar a coñecer os produtos e servizos das empresas de Ferrolterra a posibles socios internacionais, establecer novos contactos e coñecer o mercado chileno, co fin de facilitar as expansións internacionais das empresas de ambos os países.

Cámara Oficial Española de Comercio en Chile

05/10/2023. COFER tivo a posibilidade de visitar CAMACOES - Cámara Oficial de Comercio Española en Chile. Estas organizacións promoven e facilitan as relacións comerciais e económicas entre España e outros países, neste caso Chile. Entre os seus principais obxectivos está o de promover o intercambio comercial, o investimento e a cooperación empresarial entre ambos os países.



Despois de expor a situación das empresas que conforman o noso entorno e das infraestruturas presentes na nosa zona, demos os primeiros pasos para levar a cabo unha misión comercial inversa por parte de empresas chilenas, cunha temática centrada na xestión portuaria.

Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Santiago de Chile

05/10/2023. Durante a nosa estancia en Chile, Cristóbal Dobarro tamén foi recibido na Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Santiago de Chile.

A función principal da Oficina tamén é promover e apoiar as relacións comerciais e económicas entre España e Chile. Con este obxectivo, facilita o acceso das empresas españolas ao mercado chileno, promove as exportacións españolas ou facilita o investimento español en Chile.



Os analistas de mercado a cargo da Oficina mostraron a súa vontade de colaborar para tender pontes entre os sectores económicos de Ferrolterra e Chile, establecer contactos institucionais e promover os produtos e servizos das nosas empresas en Chile.

Confederación Nacional da Pequena Industria e o Artesanado de Chile (CONUPIA)

05/10/2023. COFER foi recibido na sede da CONUPIA, a Confederación Nacional da Pequena Industria e o Artesanado de Chile. A súa misión é promover condicións que contribúan ao desenvolvemento económico e produtivo das pemes, promovendo políticas públicas axeitadas para mellorar a produtividade das empresas e as competencias dos emprendedores e dos seus traballadores.



Durante o encontro falamos de cuestións económicas e sociais, identificando similitudes na situación e preocupacións das pemes de ambos os países.

Coincidimos con CONUPIA en que as pemes que nos conforman xogan un papel fundamental dentro das nosas economías e, como resultado deste encontro, analizaranse posibles métodos para establecer vías de colaboración entre ambas asociacións no futuro, tanto formativas como profesionais.



COFER
CONFEDERACION DE EMPRESARIOS
DE FERROL EUME Y ORTEGAL

Cámara Oficial Española de Comercio de Uruguai

09/10/2023. Seguindo co plan establecido, COFER reúnese coa Cámara Oficial de Comercio Española do Uruguai.

Durante o encontro, Cristóbal Dobarro continuou trasladando á Dirección da Cámara a situación actual de Ferrolterra e as actividades industriais que se están a desenvolver nos sectores enerxéticos, navais ou medioambientais, contrastándoa coa situación do empresariado uruguai.



Dada a influencia da institución e, como no caso de Chile, confiamos en que a intermediación da Cámara sirva para realizar no futuro unha misión comercial inversa na nosa comarca.

Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Montevideo

10/10/2023. COFER asiste a unha reunión na Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Montevideo.

Cristóbal Dobarro comparece de novo en representación de COFER, agora ante este órgano da Embaixada de España para presentar Ferrolterra e as súas empresas e compartir a nosa análise sobre a situación económica actual e os retos aos que nos enfrontaremos en breve na nosa comarca.



Pola súa banda, a Oficina Económica e Comercial amosounos o seu apoio á hora de facilitar contactos, identificar oportunidades de negocio para empresas da nosa rexión ou compartir informes sobre sectores estratéxicos do Uruguai. Agardamos que esta presentación sirva para promover no futuro as relacións comerciais e económicas entre as empresas uruguaias e a nosa rexión.

Unión de Exportadores do Uruguai (UEU)

10/10/2023. COFER, na sede da Unión de Exportadores do Uruguai, organización empresarial que promove o desenvolvemento sostible e a competitividade do sector exportador de bens e servizos, e media os seus intereses, a través da unión de actores públicos e privados vinculados ao comercio no estranxeiro, contribuíndo ao crecemento do país.



A Unión lidera a comunidade exportadora, sendo un referente ante os diferentes grupos de interese, e deunos a oportunidade de coñecer a situación do mercado exportador uruguaio e de debater sobre os proxectos empresariais que se desenvolven en Ferrolterra e no noso porto, co obxectivo de impulsar sinerxías entre ambas organizacións.

Cámara de Industrias do Uruguai (CIU)

10/10/2023. Para rematar a misión reunímonos coa Cámara de Industrias do Uruguai, institución que representa ao sector industrial do país e mantén un diálogo constante coas autoridades gobernamentais, buscando unha articulación público-privada que permita o deseño e execución de políticas e instrumentos que favorezan desenvolvemento industrial.

As súas áreas de traballo céntranse na prestación de servizos de apoio ao desenvolvemento competitivo das micro, pequenas e medianas empresas industriais; así como novos proxectos no sector.

Atopamos moitas semellanzas entre a CIU e a COFER, xa que ambas organizacións están en constante diálogo coas autoridades para favorecer o desenvolvemento empresarial. Poder intercambiar impresións sobre os sectores económicos que representamos serviu para explorar vías de colaboración entre ambas organizacións.

